

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MOTOCICLISMO  
celebrada en Vigo o día 1 de febreiro de 2020 ás 11:00 h. en 2ª convocatoria**

Coa asistencia dos membros da Asemblea que a continuación se detallan, baixo a presidencia do presidente D. José Canda Rodríguez e coa asistencia do secretario xeral, Mário Riveiro Martínez.

Asisten:

**ESTAMENTO DE CLUBS:**

MOTO CLUB PAPAYA  
TEAM BERNARDEZ  
MOTO CLUB VFM  
MOTO CLUB SALTAMONTES  
KSB GALICIA

**ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:**

D. ALBERTO LOCOCO

**ESTAMENTO DE TÉCNICOS:**

D. JOSÉ BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ  
D. JULIO PÉREZ SOLLEIRO  
D. JOSE CANDA RODRIGUEZ

**ESTAMENTO DE XUICES-ÁRBITROS:**

Dª SANDRA FERNANDEZ GONZALEZ  
D. PEDRO J. MENDEZ ZAS

Asiste ademais con voz e sen voto, en calidade de tesoureiro, Secundino Ponte García.

Comeza a asemblea saudando aos presentes e dando as grazas por asistir. Pregúntase se queren declarar aberta ou pechada a asemblea. Deciden que a asemblea sexa aberta.

**1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR.**

O secretario da lectura do acta da asemblea anterior celebrada o 2 de febreiro de 2019. Ao final da lectura o secretario pregunta se alguén bota algo de menos na redacción do acta sen que haxa ningunha rectificación. O acta é ratificada por tódolos presentes.

**2. MEMORIA ANUAL 2019 – PROXECTO DEPORTIVO 2020**

O presidente da a benvida a todos e comeza a facer balance da memoria deportiva do 2019.

O presidente informa que tódolos datos de calendario, licenzas e estadísticas xerais son públicos, na propia web da FGM e na aplicación podéñse consultar. O rexistro de clubs afiliados tamén se pode ver na web. Así que mais que facer balance de datos que son públicos vai dar conta do seu traballo ao longo de 2019. O presidente informa da reunión mantida en Santiago cos clubs de MX SX QX e TRIAL onde varios clubs acordaran sacar adiante estes calendarios. Moitas das cousas alí faladas logo non se levaron a cabo, o calendario de Quads non chegou a ter ningunha petición ao igual co calendario de Trial Indoor que o motoclube Aldán dixo que ía por en marcha. O Trial sufriu moitas cancelacións e cambios de datas. Do falado de MX/SX finalmente fixéronse dúas probas de SX. O presidente di que é consciente da dificultade de sacar as probas calendadas, pero fai un chamamento para que os clubs que soliciten probas, organicen as mesmas independentemente do número de inscritos que teñan. Nun ano que aumentaron o número de probas nun 54% e as licenzas nun 22,5%, números positivos, a sensación é agridoce polos continuos cambios de datas nas probas. Informa das probas de velocidade organizadas por VFM. Tamén dí que houbo probas de Dirt Track que aínda que non son de campionato, dinamizan a actividade. Por último agradece a KSB, VFM e TMSR a labor das súas escolas, e está convencido que esa labor creará a rede de pilotos que encherán as grellas dos futuros campionatos.

Fai balance das probas recuperadas dos Ctos de España de MX, Trial, Enduro e Supermoto.

Algunha deles tamén foi puntuable para os CG. Informa tamén das probas internacionais celebradas, o Cto. do Mundo de Enduro e o Cto. de Europa de Supermoto.

O presidente informa a asemblea da compra do novo equipo de cronometraxe por transponders que contou coa axuda da SXD do 80%. Di que a intención é chegar aos 85 transponders, xa que nesta primeira compra veñen 45. Este ano ampliaríase a compra a unha nova partida ata chegar aos 80/85. Tentaremos pedir outra vez a subvención de material para este novo pedido de 40 tx.

Acaba o presidente a súa intervención animando a tódolos clubs, pilotos e cargos oficiais que aposten polo deporte federado.

Na páxina 11 do dossier preséntase unha relación dos clubs afiliados a FGM a 31/12/2019. E tamén aparecen os clubs que solicitaron alta en xaneiro 2020. O secretario informa que a Peña Motorista Lucense solicitou a baixa e que ao M.C. Riveira School deuse de baixa por non pagar as cotas 2018 e 2019. Neste punto o secretario lembra o acordo que tomara a asemblea do ano pasado de non pasar a cuota a un club que deba dúas cuotas e dalo de baixa.

Na páxina 12 relacionanse as actividades dos clubs en 2019, por data, modalidade, ámbito e clube organizador. Na px. 13 mostrase gráfico da actividade por provincias.

Na páxina 14 presentase estatística detallada de licenzas de cada clube. Neste punto VFM informa que dúas das súas licenzas están mal ubicadas, que son de Cargo Oficial, e están no cuadrante como de mochileiros. Tomase nota para súa corrección.

Das páxinas 15 a 18 presentase a clasificación dos campionatos, trofeos e copas das diferentes disciplinas, enduro, supercros, trial e velocidade. Clasificacións que levan colgadas na web todo ano. Aprobáanse as clasificacións dos CG 2019.

Na seguinte folla aparece a relación de pilotos con títulos nacionais 2019.

### 3. INFORME EJERCICIO ECONÓMICO 2019.

Presentase o informe favorable da comisión delegada ás contas do 2019 e a aprobación pola mesma tamén do orzamento 2020.

O tesoureiro comeza lendo o balance de gastos comparado co orzamentado, comenta que hai unha subida en ambos lados do balance. Dos 183.942,32€ orzamentados como ingreso e gastos subiuse aos 195.248,91 € en gastos e aos 204.245,28 en ingresos. O secretario toma a palabra e informa que a subida débese principalmente a actividade de gastos e ingresos das competicións internacionais.

Dáse lectura as partidas de gastos, todas elas equilibradas respecto ao orzamentado ao mesmo tempo que se explican a que corresponde as partidas con epígrafes máis xenéricos. Explicando o secretario cada partida de gasto. Explicase a partida de gastos de MX das Autonomías, que non estaba orzamentada xa que esta proba calendouse durante o ano e na que se gastaron 3.158€ de hoteis, ceas, equipación e dietas de desprazamento dos pilotos ao que hai que sumar os 360 € que custou a inscrición dos equipos no evento.

Explicase a partida de gastos correspondente a cancelación das contas contables dos clubs que foron dados de baixa pola Xunta do rexistro de clubs por non ter os estatutos adaptados. Pasado un ano desde a cancelación rexistral e non tendo notificación de eses clubs de ter solicitado unha nova alta, procedese a cancelación das súas contas contables, en total cancelase a conta de 44 clubs.

O tesoureiro fai balance dos ingresos, que basicamente proceden da subvención da SXD, das licenzas, dos dereitos de probas, das cotas dos clubs e das inscricións das probas.

**Orzamento 2019 - COMPARATIVA ORZAMENTADO CON REALIZADO APROBADO POR CD E RATIFICADO ASEMBLEA 01/02/21**

GASTOS	REALIZADO	ORZAMENTADO	INGRESOS	REALIZADO	ORZAMENTADO
CONCEPTO			CONCEPTO		
<b>SERVIZOS EXTERIORES</b>	<b>49.415,90 €</b>	<b>48.032,07 €</b>	<b>INGRESOS POR SUBVENCIONS</b>	<b>62.716,21 €</b>	<b>68.480,15 €</b>
Asesoría Contable Laboral	2.541,00 €	2.541,00 €	Subvencions da SxD a FGM e PER	60.354,00 €	57.436,00 €
Primas de seguros	3.700,96 €	3.384,79 €	Subvencion da SxD a CME	0,00 €	10.000,00 €
Comunicacions - Telefonía	1.247,32 €	1.278,17 €	Subencions da RFME	1.956,45 €	1.044,15 €
Salarios + IRPF	24.925,76 €	25.636,23 €			
Seguros sociais	10.336,08 €	10.162,80 €			
Prevenición e riscos laborais	220,42 €	263,78 €			
Gastos de Asembleas	99,58 €	139,38 €			
Gastos X. Direc. e Com. Deleg.	544,92 €	266,16 €			
Servizos Bancarios	772,21 €	377,07 €			
Renting fotocopiadora	1.489,84 €	1.246,30 €	<b>COTAS DE CLUBS</b>	<b>6.213,00 €</b>	<b>7.247,00 €</b>
Organos Xurisdiccionais	2.178,00 €	2.178,00 €			
Material de oficina	0,00 €	24,41 €	<b>LICENZAS FEDERATIVAS</b>	<b>54.377,00 €</b>	<b>55.000,00 €</b>
Prensa e Publicacions	0,00 €	- €			
Reparación e Conservación			<b>DEREITOS E SEGUROS PROBAS</b>	<b>27.015,75 €</b>	<b>20.000,00 €</b>
Outros Gastos Correntes*	1.359,81 €	291,98 €	Dereitos de probas	17.399,00 €	13.000,00 €
Outros Profesionais Independ.		242,00 €	Seguros de probas	9.616,75 €	7.000,00 €
			<b>DEREITOS DE INSCRICIÓN</b>	<b>33.905,50 €</b>	<b>25.000,00 €</b>
<b>COMPETICIONS-ACTIVIDADES</b>	<b>94.656,54 €</b>	<b>85.105,40 €</b>			
Subv. FGM clubs organizadores	14.045,00 €	16.550,00 €	<b>OUTROS INGRESOS</b>	<b>20.017,82 €</b>	<b>8.215,17 €</b>
Gastos competicións	16.970,80 €	7.451,78 €	Competicions	17.834,00 €	6.500,00 €
Cronometraxe probas	5.504,75 €	3.325,70 €	Outros Ingresos	2.183,82 €	1.715,17 €
Subv. SxD P.E.R. (CME Stgo.)	0,00 €	10.000,00 €			
Trofeos e Premios	1.256,81 €	5.085,89 €			
Axudas deporte feminino	0,00 €	4.000,00 €			
Dereitos de probas e seguros RC RFM	19.589,00 €	13.996,03 €			
Inscricions	34.131,50 €	24.696,00 €			
Outros gastos competicións (Mx auto)	3.158,68 €	- €			
Gastos Extraor. Reintegro subv.S	0,00 €	1.700,00 €			
DOTACION AS AMORTIZACION	811,94 €	263,85 €			
LICENZAS FEDERATIVAS	31.358,99 €	35.971,00 €			
COTAS AFILIACIÓN CLUBS	1.015,00 €	870,00 €			
Cancelación contas clubs SxD	13.490,54 €	- €			
Pago axuda SxD P.E.R.	4.500,00 €				
<b>Indemnizacion despido**</b>		<b>12.000,00 €</b>			
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>195.248,91 €</b>	<b>183.942,32 €</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>204.245,28 €</b>	<b>183.942,32 €</b>

\*\* a titulo informativo inden. Despido

10.000,00 €

Levase a votación a aprobación das contas do 2019 cun resultado de 11 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

Presentase orzamento para o 2020, o secretario informa de que as partidas están axustadas polo recadado e gastado no ano anterior, pero con previsión a alza polas organizacións de mais Ctos. de España co ano anterior, Cto Mundo Enduro, CM Superenduro, Cto. Mundo Supermoto que aínda que non deixan liquidez, si que afectan a moitas partidas de ingresos e gastos.

**Orzamento 2020 - APROBADO POR COMISION DELEGADA E RATIFICADO POLA ASEMBLEA 01/02/20**

<b>GASTOS</b>	<b>ORZAMENTO 2020</b>	<b>INGRESOS</b>	<b>ORZAMENTO 2020</b>
<b>CONCEPTO</b>		<b>CONCEPTO</b>	
<b>SERVIZOS EXTERIORES</b>	<b>50.604,00 €</b>	<b>INGRESOS POR SUBVENCIONS</b>	<b>62.344,00 €</b>
Asesoría Contable Laboral	2.541,00 €	Subvencions da SXD a FGM	55.280,00 €
Primas de seguros	4.500,00 €	Subvencion da SXD a PER	5.100,00 €
Comunicacions - Telefonía	1.300,00 €	Subvencions da RFME	1.964,00 €
Salarios + IRPF	25.500,00 €		
Seguros sociais	10.500,00 €		
Prevenición e riscos laborais	250,00 €		
Gastos de Asembleas	150,00 €		
Gastos X. Direc. e Com. Deleg.	600,00 €		
Servizos Bancarios	1.000,00 €		
Renting fotocopiadora	235,00 €	<b>COTAS DE CLUBS</b>	<b>6.000,00 €</b>
Organos Xurisdiccionais	2.178,00 €		
Material de oficina	100,00 €	<b>LICENZAS FEDERATIVAS</b>	<b>54.500,00 €</b>
Outros Gastos Correntes	1.500,00 €		
Outros Profesionais Independ.	250,00 €	<b>DEREITOS E SEGUROS PROBAS</b>	<b>37.000,00 €</b>
		Dereitos de probas	25.000,00 €
		Seguros de probas	12.000,00 €
		<b>DEREITOS DE INSCRICIÓN</b>	<b>40.000,00 €</b>
<b>COMPETICIONS-ACTIVIDADES</b>	<b>119.500,00 €</b>		
Subv. FGM clubs organizadores	17.000,00 €	<b>OUTROS INGRESOS</b>	<b>19.000,00 €</b>
Gastos competicións	18.000,00 €	Competicions	17.000,00 €
Cronometraxe probas	7.000,00 €	Outros Ingresos	2.000,00 €
Trofeos e Diplomas CG	3.000,00 €		
Dereitos de probas e seguros RC RFM	31.000,00 €		
Inscricions	39.500,00 €		
Outros gastos competicións (Mx auto)	4.000,00 €		
<b>DOTACION AS AMORTIZACIONES</b>	<b>5.440,00 €</b>		
<b>LICENZAS FEDERATIVAS</b>	<b>37.000,00 €</b>		
<b>COTAS AFILIACIÓN CLUBS</b>	<b>1.200,00 €</b>		
Pago axuda SXD P.E.R.	5.100,00 €		
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>218.844,00 €</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>218.844,00 €</b>

Procedese a votación do orzamento 2020 por un montante de 218.844,00 € detallado por partidas, con 11 votos favorables, 0 en contra e 0 abstencións.

Na seguinte páxina detallase a proposta da Comisión Delegada para as tarifas de licenzas 2020, nas que acordaron manter os prezos do ano anterior xa que o seguro mantivo as tarifas. O secretario informa que estas tarifas xa se están aplicando dende o 1 de xaneiro, pois aos pilotos que queren adestrar ou competir a primeiros de mes hai que darlles trámite de licenza.

Votase a proposta de tarifas licenzas e queda aprobada con 11 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

Na páxina 24 presentase a proposta de tarifas de dereitos de proba aprobada pola CD. A proposta é ratificada pola asemblea. Quedando os dereitos das probas coas mesmas tarifas do ano pasado.

O secretario informa de que nas tarifas de inscricións que se propoñen na px. 25, a comisión delegada acordou que hai que actualizalas e poñerse ao nivel das comunidades limítrofes como Asturias ou Castela-León, 10€ de media por encima das nosas. A asemblea acorda subir a inscrición 5 €. As de velocidade

quedan como están pois xa foran actualizadas anteriormente. O recargo por inscribirse fora de prazo queda fixado en 10€. Unha vez alcanzados os niveis das outras rexións, actualízalas segundo o IPC para que non volte a pasar este desfase. A cota de clube aprobouse en 121€. O acordo é aprobado pola unanimidade dos presentes.

## PROPOSTAS e CAMBIOS NOS REGULAMENTOS 2020

### CG CROSS COUNTRY

Aprobouse convocar o CGCX na mesma data e coas mesmas categorías/regulamento co CECX.  
Proposta aprobada.

### CG VELOCIDADE

A primeira proposta de adaptar os regulamentos do CGMinivel ao CE é rebatida por Daniel Vazquez, dicindo que hai varias inspeccións técnicas inviables. Banco de potencia, bascula etc. Aprobouse convocar as categorías MiniGp 110, SM65, SM85 e minimotos 4.2. Desconvocase a categoría minimotos 6.2 que nos últimos anos contara con moi baixa participación. Tamén se aproba darlle puntuabilidade para o campioanto galego á proba do CEMinivel que se celebra en Galicia nas categorías que participen pilotos galegos, incluídas as que non se celebran no CG. Unha vez coñecidas as categorías do CEMinivel 2020 estudarase que categorías se convocan.

## CALENDARIOS 2020

O secretario da lectura das probas calendadas para a tempada 2020. A asemblea deixa aberta a solicitude de probas dos CG 2020 ata o 29 de febreiro. Aprobouse o calendario por unanimidade. Deixando a aprobación definitiva coas solicitudes que cheguen ata finais de febreiro para a comisión delegada. O secretario informa de que se requeriu ata en dúas ocasións á Peña Moteros ValMiñor para que enviase a solicitude de proba do CGT cuxa intención de organizar comunicou nun email pero sen enviar a solicitude. A asemblea dá instrucións ao secretario para que pida a PMVM que envíe a solicitude da proba do CG antes dunha semana senón non será aprobada a celebración da proba do CET de Baiona. Lémbrese que por acordo de asemblea tódolos clubes organizadores de CE deben celebrar proba do CG o mesmo ano. Sandra Fernández informa de que a chamaron dicindo que a proba do CESM inicialmente calendada para Forcarei non se ía celebrar en Galicia. Pide que se pida dende a FGM explicación a RFME porque a súa proba cae do calendario despois de pedila en tempo e forma e agora aprobouse un calendario de CESM con novas probas. Todo isto dicenllo por telefono, a día da asemblea da FGM o calendario do CESM segue pendente de aprobación. O calendario é aprobado por unanimidade e dáse potestade a CD para que aprobe e incorpore aos mesmos as solicitudes chegadas ata o 29 de febreiro.

## ROGOS e PREGUNTAS.

O representante do motoclube KSB toma a palabra para explicar que a súa actividade calendada en Forcarei como campus KSB non é competitiva como denunciaron outros asembleistas na asemblea anterior. Explica en que consisten os exercicios da escola, actividades de formación non competitiva. Sandra Fernández di que circularon fotos por facebook de podio de ese evento. Jaime Rodríguez (KSB) insiste en que toda actividade de ese fin de semana foi formativa. Intervenñen outros asembleístas para recordalle a KSB que ten que ter claro que nuns adestramentos non pode haber clasificacións. Volta a recordar que neses cursos só se deu actividade formativa e convida aos asembleístas a asistir ao evento para comprobalo. Dáse por finalizada a asemblea ás 13:05 horas do día 1 de febreiro de 2020.

Vº Bº. Ppresidente FGM  
José Canda Rodríguez

asdo. Secretario Xeral  
Mário Riveiro

